

ALARMA ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA DO CPI TOMÁS DE LEMOS ANTE A OFERTA DE PRAZAS RESULTANTE DO TRASLADO DA ESO AO IES O RIBEIRO

NOTA DE PRENSA

O 13 de xullo coñecíamos a oferta da Consellería de Educación de prazas definitivas para profesorado do CPI Tomás de Lemos no IES Ribeiro a raíz da reorganización dos centros de ensino de Ribadavia (supresión da ESO no CPI Tomás de Lemos e traslado do seu alumnado de secundaria ao IES Ribeiro).

A oferta é de 10 prazas.

5 cubrirían prazas ocupadas no IES O Ribeiro por provisionais.

No IES Ribeiro hai previstas – de xeito máis o menos inmediato – dúas xubilacións, polo que do proceso de fusión da ESO obtemos a seguinte conclusión: O traslado dos case 180 alumnos (178 matrículas durante o curso 2016 – 2017) do CPI Tomás de Lemos ao IES Ribeiro supón o aumento da súa plantel en 3/4 profesores.

$$180 = + 3/4$$

Estas cifras chocan coa defensa que fixo recentemente o Conselleiro de Educación de que a unificación do IES e o CPI mantería o mesmo número de grupos. Con esta dotación de persoal será imposible, pero tamén será imposible ofertar a dobre vía aplicada/ académica que venden como unha das melloras resultantes da centralización da ESO no IES Ribeiro (dobe vía que xa era ofertada no CPI e que non era impartida por que non existía demanda de matrícula).

Analizando a oferta temos máis evidencias negativas: o departamento de matemáticas do IES Ribeiro recibe a un membro do CPI Tomás de Lemos para cubrir unha xubilación. E dicir, un departamento básico en primeiro e segundo – onde son cinco horas semanais de clase – e presente no itinerario aplicado e nos reforzos educativos, non incrementa a súa dotación. Dificúltase enormemente a posibilidade de atender as necesidades educativas especiais mediante reforzos e agrupamentos nos cursos máis sensibles: os de primeiro ciclo.

Desaparecen catro materias de libre configuración de deseño propio e o ensino de secundaria plurilingüe (que estaba en marcha no Tomás de Lemos).

A previsión de grupos de 1º ESO con máis de 30 alumnos imposibilitará o emprego do equipamento abalar do que ata agora disfrutaba o alumnado de 1º e 2º ESO. A nivel de dotación material é un retroceso de 6 anos.

É suprimida a praza da PT que era encargada da aula onde recibían atención os alumnos con necesidades educativas especiais e adaptacións curriculares.

A pesar da cercana xubilación da persoa que ocupa a praza de orientación no IES O Ribeiro, non se asegura a continuidade do orientador do CPI Tomás de Lemos, peza fundamental na proceso de adaptación do alumnado neste proceso carente de planificación previa.

O consellerio insiste en calificar como trasnochado o formato dos CPI, por resultar pouco apropiada a convivencia a das etapas de primaria e de infantil. Temos que lembrar que esta convivencia é habitual nos grandes centros concertados das grandes cidades, pertencentes a empresas privadas

e sostidos con fondos públicos.

A fundamentación pedagógica da reorganización dos centros é unha falsidade.

Profesorado da ESO do CPI Tomás de Lemos (Ribadavia)

16 de xullo de 2017